

AGORA QUE CALA A NOITE

ELBA PEDROSA



Para Mauro, Rebeca e Reyes

Que se lle outorgue ao mérito o que é só do
mérito e non do sexo.

Emilia Pardo Bazán

Agora que cala a noite,
berra o sangue da ferida.
Eco xordo e seco.
A fala das miserias da alma.
Agora que a luz xa non conta nada,
fala alto a miña verdade!

Elba Pedrosa. *Muro dos Poetas*, Vigo.

MELI



Non necesito botar un foguete. Neste intre só quero falar. Cunha persoa, animal ou chintófono, tanto dá; quen saiba escoitar sen retrucar nin abaixarme. Alguén que sexa quen de me fitar con sosego na profundidade desta alma, que aínda latexa con desacougo desde que escapei do centro comercial. Peta. Peta forte. Imita o son agoirento do ritmo dos tambores nos pasos das procesións. Bate contra o meu peito mancado e canso. Alma doente a miña.

Hoxe non aspiro máis que a desafoxar a nostalgia toda que levan estas palabras cuspidas despois de días, semanas, se cadra unha vida enteira de padecemento; xeradas a lume manso nas entrañas da furia que me asolaga. Sei que pagará a pena saír deste inferno.

Nesta noite, apracíbel por fóra, neste tempo para o repouso dos perdedores, só quero que alguén me faga compañía con outras intencións que non sexan as de seducirme. Haberá quen estea a guicharme no bar, soa, coas miñas bolsas de roupa de rebaixas, a mirada penosa dos ollos a chorar, a maquillaxe a estragarse coas bágoas que me enzoufan a cara.

—Ti o que necesitas é botar un foguete, fermosa —espetoume cando non lle gustou o que lle contestei. Como se foderme fose sempre a mellor solución para calarme a boca. Ha! Aínda resoan as súas palabras no eco deste baleiro que teño dentro. Aquí!

Esa expresión tan desatinada, a do «foguet», lé-voa ouvindo desde hai unha chea de tempo, cando era unha cativa de once anos, entre xoguetes e bonecas, e moi pouco despois de que a regra me sorprendese. Condición biolóxica, a da regra, que tiven a graza de herdar precoz da miña nai e tamén da nai da miña nai, e se seguise coas pescudas cara a atrás na árbore xenealóxica da familia, sabe Deus onde iría a parar a «fatalidade» da présa da menstruación a destempo. A verdade é que non tiña ilusión ningunha en que me viñese a regra, todo o contrario. Xamais devecín —coma as máis das rapazas da miña clase— por que me medrasen as tetas ou por levar suxeitador para amarralas e que non saltasen. Tampouco soñaba con bragas requintadas ou mínimas. Non soñaba con ter mozo, non soñaba con bicar, non soñaba para nada con procrear.

—Mamá, bule! Mira!

Os meus berros de noxo e medo viaxaron a través da casa enteira, tamén pola dos veciños do segundo andar, percorrendo o longuíssimo corredor ata daren na cociña onde miña nai preparaba o xantar.

—Mamá, ven xa!

Escarranchada no piso escoitei como arrastraba as zapatillas mal calzadas.

Cando me viu, sóubeno despois, pensou: «Non era sen tempo» e converteuse no meu refuxio de comprensión.

Eu tendida no chan do cuarto coas bragas tinguídas de sangue, suxeitas no alto entre as mans.

As pezas do crebacabezas da Cincenta a medio rematar. E a saia e a alfombra emporcadas desa cor vermella que abofé, pensaba eu, non sería doada de limpar.

Foi o principio dunha nova etapa: a nena da casa feita muller, sen que me dese tempo a coñecer esas cousas de mozas que che aprenden as nais. Aínda que daquela non atinaba cos vaticinios, souben deseguida que todo ía cambiar cando vin a mamá facer desaparecer as miñas bragas. A miña cara, na que se mesturaban mocos e bágoas, tivo un intre para a nostalgia e moito tempo para decatarme, impotente, de que nunca podería volver ao meu pasado de puzzles da Cincenta e tardes tirada no chan. E ao verme así mamá tamén chorou. A súa pequena esvaecera. Pero pronto se recuperou. De aquí en diante poderíamos gozar xuntas de moitas experiencias. Eramos dúas mulleres, fronte a fronte.

Tempo despois, o día que recollín as miñas pertenzas do cuarto, antes de casar e deixar a casa para sempre, mentres baleiraba armarios e gabetas atopei unha nota: «Prefiro esquecer o día de hoxe». Estaba escrito a man coa tinta azul esborrachada polas miñas bágoas. Fora a ollada triste da nena que aínda xogaba a peitear bonecas e que non tiña gana de cambiar os seus inocentes xogos por outros máis complicados.

«Daquela, xa podes botar un foguete», díxome un compañeiro de clase. Non sei como puido saber que me viñera a regra nin eu comprendín que me

quería dicir, só unha sensación fea que fun revivindo na miña vida posterior, demasiadas veces. Con variacións.

«Necesitas un home, Meli», díxome un xefe que tiven.

«Tes o mes, cariño?», preguntou o meu ex marido cando discutíramos o día que ía deixar o traballo de sempre e buscar outro como actriz.

Non gusto de fachendear con nada, mais o meu traballo na farándula marchaba ben. Pero o favor do público pode ser efémero. Non é cousa sinxela sacalo das preocupacións, facerlles esquecer as súas vidas estresadas. Hoxe podes estar á alza e todos se lembran de ti. Un papel secundario nunha obra, unha curtametraxe, algo de publicidade ou un evento. Pero mañá? Quen che di que mañá, de so-cato, non empece a túa baixada? Tan ás présas coma eses valores que na bolsa caen en picado por algún factor moitas veces inexplicable. É así de lene a liña que separa o éxito do fracaso e nunca sei canto tempo vai ficar a alegría no meu corpo. Por iso non fago moitos espaventos cando preguntan os compañeiros de profesión. «Moita merda», desexámonos entre actores. E nunca sabes canto tempo vai durar ese fedor contigo, o da merda, o do traballo.

«Como vas, andas nalgún proxecto?», preguntanme. E aínda que morro coa gana de falar coa xente, pecho a boca, por se as moscas, que xa se sabe que sempre van ao mesmo sitio.

Con todo, ás veces conto algunha trola, para engraxar as relacións sociais. No mundo do celuloide seica goberna o *glamour*, pero moitas veces a sensación que eu teño é que ao redor deste universo da interpretación todo se volve escuro e inquietante coma un *backstage* momentos antes de empezar unha función. Os actores, cando estamos lonxe dos focos, coido que non miramos con sinceridade; somos máis francos cando personaxes que cando persoas. Andamos co bico torcido, por se acaso.

Malia a miña paixón por este oficio, non me afixen á incerteza de ser actriz. A cargar cada día co ru-xerruxe da inseguridade. Se te chaman resolves o mes, pero se non, pasarás os días a comer sopas, de allo e pan.

Aínda así non volvería á rutina dunha oficina, ao horario fixo, ao xefe, a ter que vestir coma para unha voda cada xornada só para estar enredando cos compañeiros, coa cara de robot de sempre, nun local coas cadeiras en liña, as mans sempre ategadas de papeis. Non, con tanta monotonía pasaría a ter outra incerteza, a da sensación de que boto a vida a perder nunha ocupación que non é para min. Prefiro o risco do oficio que amo.

Para acalmar a inquedanza económica, no entanto, hai tempo que me anotara nunha academia para opositar a docente. Nin era moi constante no estudo nin asistía sempre ás sesións co preparador, pero aquel horizonte calmaba o medo á inestabilidade laboral, e non me molestaba fantasiar cun fu-

turo no que puidese dedicar parte da miña xornada a traballar nun instituto. Xa impartía unhas poucas clases nunha escola de nenos actores e en obradoiros de iniciación para adultos e sentábanme ben.

Logo do divorcio non fora doado atopar o equilibrio entre o que eu quería e o que se esperaba de min. Non fun nunca de aceptar sen máis as convencións sociais e aborrécenme as normas que se aceptan sen ningunha discusión: o matrimonio e a vida familiar feliz, por exemplo. Nunca aceptei iso de que hai que sorrir todos os días e non poñer en cuestión ningún dos seus dogmas, especialmente o de ter descendencia. Sentín moitas veces que a chave para ser aceptada socialmente era o silencio, o poñer boa cara ante a propia submisión. Todo irá ben mentres esteamos a dar voltas na nora dunha mentira xigante que a ninguén divirte. Nunha nora que nos marea e cansa; as luces da festa apagadas.

O día do que preciso falar esta noite é para min o «Día do Meigallo», porque foi coma se alguén me botase un maleficio en reacción á miña determinación de converterme na actriz principal da miña obra. Todo se torceu, pero aguantei coma un vimbio á mercé do vento forte dunha treboada. Pasara de longo por demasiadas cousas na vida, tragándoas e deixándoas caer gorxa abaixo, dixerindo unha desfeita tras outra sen apenas pestanexar. Até o embarazo —para o que non estaba preparada— o asumín desde a compracencia que esixía a corrección social. Tamén o fillo que veu despois.